

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE, IDONEIDADE E CARÁCTER NON CONTRACTUAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A ACTUALIZACIÓN DAS FICHAS DE AFECCIÓNS E LIMITACIÓNS DE DOMINIO, SEGUNDO A LEXISLACIÓN SECTORIAL ESTATAL E AUTÓNOMICA DE GALICIA.

1. Suxeitos, capacidade xurídica e competencia

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU) é un ente público de natureza consorcial adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que está dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamentos propios, así como plena autonomía no cumprimento das súas funcións. Entre os fins de natureza pública previstos no Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos desta entidade destaca o de velar pola utilización racional do solo conforme o disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante, COAG), e unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia, capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e plena autonomía no marco da normativa que lle é de aplicación, baixo a garantía xurisdiccional dos tribunais de xustiza, contemplando entre os seus fins as prestacións de interese xeral propias da arquitectura e do urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme a lei tal e como establece o artigo 5 f) dos seus Estatutos.

A competencia para celebrar o presente convenio ven expresamente amparada polo artigo 7 da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, en cuxos apartados 2 e 3 recolle a competencia para a celebración de convenios entre os Colexios Profesionais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de actividades de carácter material, técnico ou servizos da súa propia competencia, así como promoción de actividades orientadas á defensa do interese público.

2. Tipo de convenio

Son partes asinantes do presente Convenio a APLU, unha entidade pública instrumental que forma parte do sector público autonómico conforme o disposto no artigo 45 letra a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, e o COAG unha corporación de dereito público conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, atopámonos ante un convenio suscrito entre unha entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado, que responde ao tipo previsto no artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e que se atopa directamente amparado polo artigo 7 da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia onde se contempla expresamente a colaboración dos colexios profesionais e a Comunidade Autónoma de Galicia baixo a fórmula do convenio de colaboración.

No ano 2007 o COAG, tras o acordo alcanzado coa EGAEL dependente da FEGAMP, realizou un minucioso estudo sobre as afeccións e limitacións do dominio na diversa e profusa lexislación



sectorial, recollendo os resultados de esa investigación nunhas 40 fichas, que foron actualizadas posteriormente no ano 2011 polo COAG con fondos e medios propios.

Aproveitando os traballos realizados polo COAG, coa sinatura deste convenio a APLU dirixirá as labores dunha nova e necesaria actualización das fichas para posteriormente garantir o libre acceso ás mesmas, xa que actualmente unicamente pódense consultar polos seus colexiados a través da páxina do COAG.

Para ese efecto, crearase un grupo de traballo entre dous membros do COAG -designados pola súa Decana-, e dous membros da APLU -designados polo seu Director-, que terá como finalidade redactar e revisar as fichas de afeccións, de común acordo, conforme á normativa urbanística e sectorial vixente e liquidando as dúbidas e problemas que poidan xurdir durante a súa elaboración.

Igualmente, a APLU colaborará na difusión e publicidade das fichas así como nas actividades de presentación que das mesmas se realicen.

3. Finalidade

É de interese común das partes actuar de forma coordinada para a realización de traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia da incidencia sobre o territorio da actividade humana, e en concreto “das afeccións e limitacións de dominio da lexislación estatal e galega”, no ánimo de acadar unha mellor e maior implicación da cidadanía na calidade da construción dos espazos e territorio que habitamos ao servizo dunha mellor calidade de vida, e incidindo nun mellor coñecemento e respecto da nosa ordenación urbanística vixente, e promover o “urbanismo responsable”.

4. Necesidade e oportunidade

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, exerce as competencias de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), desenvolve de xeito estable e continuado, actividades de divulgación e formación dirixidas á cidadanía en xeral, e de xeito específico aos profesionais competentes no exercicio da arquitectura e a ordenación do territorio, así como servizos de asesoría e colaboración estable con organismos e institucións coas que comparten obxectivos e intereses disciplinares, coa finalidade de contribuír a que os seus profesionais adscritos, e por ende a cidadanía en xeral, perciba a arquitectura, o territorio e a paisaxe como piares básicos da nosa cultura.

De conformidade co disposto no artigo 3.i) dos seus estatutos, a APLU exerce, entre as súas funcións, a de asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na mesma, nas materias da súa competencia, especialmente a todos os concellos adheridos. Neste momento son noventa e un os concellos que están adheridos á APLU, previa subscripción do convenio preceptivo.

Neste senso, no vixente Plan de inspección urbanística da APLU para os anos 2022-2023 (DOG, 3 de marzo de 2022), figura como unha das actuacións prioritarias a de colaborar na divulgación e mellora do coñecemento sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, así como da importancia da preservación do litoral e da paisaxe. E tamén, como obxectivo prioritario, o de colaborar activamente cos concellos de Galicia no obxectivo común de velar polo cumprimento da normativa e do planeamento urbanístico.



Por parte da APLU considérase que estas fichas sectoriais poden ser de gran axuda e utilidade para o persoal dos concellos adheridos, que contan en xeral cun menor número de recursos humanos para a xestión das súas tarefas, ademais de para calquera profesional relacionado coa materia do urbanismo.

5. Obxecto: Actualización das fichas de afeccións e limitacións de dominio, segundo a lexislación sectorial estatal e autonómica de Galicia.

Este instrumento convencional específico ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para “a actualización das fichas de afeccións e limitacións de dominio, segundo a lexislación sectorial estatal e autonómica de Galicia”. Fichas feitas no seu día polo COAG no ano 2007 e con última actualización no ano 2011. Así, pasados mais de dez anos é necesaria a súa actualización e engadir novos contidos. Desta forma en detalle, o obxecto do traballo a convir é o seguinte:

- a. Actualización normativa das fichas gráficas de servidumes e limitacións de dominio, tomando como base as feitas polo COAG no ano 2007 e actualizadas no 2011, de acordo coas especificacións da lexislación autonómica galega e estatal e conforme ao modelo de ficha indicado no **Anexo I** deste convenio, en formato A3, tanto en galego como en castelán.
- b. Introducción de novos contidos segundo a índice que se incorpora no **Anexo II**.
- c. Publicación das fichas en formato dixital.pdf para a súa consulta e descarga de forma libre por calquera interesado a través das web da APLU e do COAG. Este formato incluírá ademais, portada, presentación, índice e créditos do traballo.
- d. Realización dunha actividade de presentación do traballo.
- e. Mantemento normativo das fichas, dentro do prazo de vixencia do presente convenio.

6. Financiamento

Dado o carácter específico das actuacións a desenvolver e a concreta finalidade que se persegue coa mesma, os compromisos económicos destinados ao seu financiamento son asumidos pola APLU, con cargo aos seus orzamentos, co detalle que se xustifica na Memoria Económica deste instrumento convencional.

7. Carácter non contractual.

Consonte ao establecido nos artigos 4 e 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, os convenios acordados entre entidades de natureza xurídico pública dependentes das Administracións Públicas para o desenvolvemento conxunto das súas funcións de interese público sen ánimo de lucro, son negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación desta lei, sen prexuízo de que sexan de aplicación os seus principios para as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir.

A fórmula do convenio é a idónea para regular a colaboración entre o COAG e a APLU nas labores de actualización e posterior difusión das fichas sectoriais, xa que se parte dun material elaborado polo COAG que será actualizado polo COAG baixo a dirección técnica da APLU, e que posteriormente será de libre acceso para todo o persoal técnico da administración pública galega así como da cidadanía en xeral.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.-O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

